

## **Resolución da Xerencia pola que se publica a convocatoria de Conversas en linguas modernas do CLM, correspondentes ao primeiro semestre do curso 2025-2026**

A Universidade de Santiago de Compostela convoca, para o 1º semestre do curso académico **2025-2026**, **sesións de conversación (conversas)** a través do Centro de Linguas Modernas nos campus de Santiago e Lugo, de conformidade coas seguintes

### **BASES**

#### **1 Persoas destinatarias**

As conversas diríxense ao persoal e ao alumnado da USC. Tamén están abertos a calquera persoa maior de 18 anos interesada que non forme parte da comunidade universitaria.

#### **2 Conversas ofertados**

Impartiranse conversas de francés, inglés e checo.

Os detalles recóllense no **Anexo final**, aínda que poderán sufrir cambios por motivos de organización.

#### **Niveis impartidos**

Ofrécense conversas de niveis INTERMEDIO e AVANZADO. As destrezas orais que se traballarán corresponden aos niveis A2-B1/B2/C1/C2 segundo o Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL).

#### **Modalidade e horas**

Conversas en liña ou presenciais: 10 horas. Os detalles recóllense no Anexo final, aínda que poderán sufrir cambios por motivos de organización.

#### **3 Recoñecemento**

A asistencia mínima ao 80% das sesións programadas, a participación activa na clases, a realización das tarefas encomendadas e a superación da correspondente avaliación continua dará dereito á emisión dun *Diploma de aptitude* coa denominación da actividade, nivel (intermedio/avanzado) a que corresponde e o número de horas (10).

Os *Diplomas* de aptitude deben solicitarse ao enderezo [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal).

#### **4 Test de nivel**

Non terá que realizar un test de nivel previo:

- o/a estudante que xa está matriculado nun curso do mesmo nivel
- o/a estudante que está preautorizado do semestre anterior e ten o acceso directo dende a secretaría virtual da USC (SV)

Nos restantes casos, é preciso realizar un test de nivel previo á matrícula, que será presencial e/ou en liña (véxase o anexo final).

Para realizar o test de nivel gratuítu hai que **inscribirse** no período sinalado no Anexo e facelo dende a [páxina web do CLM](#), que dará acceso á secretaría virtual e logo a ⇒ Actividades ⇒ Test de nivel. A inscrición é gratuíta.

- As persoas inscritas no test de nivel presencial acudirán o día do test ao lugar e hora elixidos.
- As persoas inscritas no test de nivel en liña deben seguir as instrucións que lles aparecerán en pantalla.

Os resultados dos test de nivel publicaranse na secretaría virtual do alumnado.

Cando se teña o resultado do test de nivel asignado e o período de matrícula estea aberto, poderá elixir o horario dispoñible e matricularse.

No caso de ter problemas técnicos, contacten con [cau@usc.gal](mailto:cau@usc.gal) e sigan as indicacións recibidas.

## 5 Matrícula

A matrícula farase por Internet dende a [páxina web do CLM](#).

A matrícula inclúe a xestión administrativa, o dereito á asistencia e participación nas conversas, avaliación e o *Diploma* correspondente, de ser o caso.

Os prezos de cada conversa amósanse no Anexo final e responden a [tarifas oficiais](#). Dada a natureza de servizo universitario e a súa consideración de estudos propios e específicos diferentes aos de validez en todo o territorio nacional, non se aplica o réxime de exencións ou subvencións á matrícula que rexe para os estudos universitarios ordinarios.

No caso de ter problemas coa matrícula en liña deben remitir unha incidencia ao enderezo [cau@usc.gal](mailto:cau@usc.gal) e seguir as indicacións recibidas.

Con carácter xeral, non se realizarán conversa que non acaden o **mínimo de 2 persoas**. No caso de anulación por falta de alumnado, o alumnado ten dereito á devolución da matrícula.

A renuncia á matrícula por causas alleas á Universidade non dará dereito á devolución do seu importe.

## 6 Seguro

Agás as persoas que realizan os seus estudos no CLM da USC, única e exclusivamente, en liña e en ningún momento permanezan nas instalacións da USC, todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non estean cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non ter formalizada matrícula en estudos oficiais na USC no curso académico correspondente ou ben, sendo alumnos/as da USC neste curso sexan de nacionalidade estranxeira, ou nacionais maiores de 28 anos, e non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula, deben subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe establecido como obrigatorio polo **Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2009**. Máis información en: <http://www.usc.gal/gl/servizos/sxe/seguros.html>.

## Aceptación das bases

A solicitude de praza nos cursos do CLM suporá a aceptación incondicional destas bases.

## Información

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)  
Avda. das Ciencias 7, 1º  
Campus Vida – Santiago de Compostela

CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)  
Aulario da facultade de Humanidades  
Sala de profesores do CLM (Lugo)

Tel.: 8818 14443 / 14456

Correo electrónico: [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal)

## Impugnación

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O REITOR

P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)

O Xerente

Javier Ferreira Fernández

## ANEXO1 Conversas do 1º semestre FRANCÉS

| Lingua<br>/ nome da conversa /<br>grupo | Niveis                 | Horas<br>totais<br>cada<br>grupo | Modalidade<br>Día(s)<br>Horario      | Número de prazas  | Actividades<br>vinculadas<br>(sen test de nivel) | Inscripción no Test de<br>nivel e<br>realización do Test<br>1/10/2025-20/10/2025 | Tarifa Estudiantes<br>USC/<br>Tarifa<br>comunidade USC<br>/<br>Tarifa Ordinaria |
|-----------------------------------------|------------------------|----------------------------------|--------------------------------------|-------------------|--------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
| Conversas en francés<br>Grupo A         | Intermedio (A2-<br>B1) | 10                               | En liña<br>Luns: 18:00-19:00         | 4 en cada horario | Conversas<br>intermedio 2024-<br>2025            | Prazo de matrícula<br>1/10/2025-20/10/2025                                       | 25€<br>30€<br>50€                                                               |
| Conversas en francés<br>Grupo B         | Intermedio (A2-<br>B1) |                                  | En liña<br>Mércores: 13:00-<br>14:00 |                   | Conversas<br>intermedio 2024-<br>2025            |                                                                                  |                                                                                 |
| Conversas en francés<br>Grupo C         | Intermedio (A2-<br>B1) |                                  | En liña<br>Mércores: 9:30-<br>10:30  |                   | Conversas<br>intermedio 2024-<br>2025            |                                                                                  |                                                                                 |
| Conversas en francés<br>Grupo A         | Avanzado (B2-<br>C1)   |                                  | En liña<br>Luns: 13:00-14:00         |                   | Conversas<br>avanzado 2024-<br>2025              |                                                                                  |                                                                                 |
| Conversas en francés<br>Grupo B         | Avanzado (B2-<br>C1)   |                                  | En liña<br>Luns: 19:30-20:30         |                   | Conversas<br>avanzado 2024-<br>2025              |                                                                                  |                                                                                 |
| Conversas en francés<br>Grupo C         | Avanzado (B2-<br>C1)   | 10                               | En liña<br>Mércores: 9:00-<br>10:00  | 4                 | Conversas<br>avanzado 2024-<br>2025              | Calendario das conversas<br>20/10/2025-15/01/2025                                |                                                                                 |

### Información importante:

Contactar coa profesora para a realización do test de nivel de acceso [martazul.busto@usc.gal](mailto:martazul.busto@usc.gal)

Os horarios das Conversas en francés poderán readaptarse en función das necesidades das persoas inscritas de cada grupo. Tamén será posible asistir cada semana a horarios diferentes, sempre do mesmo nivel.

### 2 Conversas do 1º semestre INGLÉS

| Lingua / nome da conversa / grupo | Niveis           | Horas totais cada grupo | Modalidade                             | Número de prazas           | Actividades vinculadas (sen test de nivel) | Inscripción no Test de nivel e realización do Test<br>1/10/2025-20/10/2025                                        | Tarifa Estudantes USC/<br>Tarifa comunidade USC /<br>Tarifa Ordinaria |
|-----------------------------------|------------------|-------------------------|----------------------------------------|----------------------------|--------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| Conversas en inglés Grupo A       | Avanzado (C1/C2) | 10                      | Presencial<br>Luns e mérc: 15:15-15:55 | 6<br>Cada horario e sesión | -                                          | <b>Prazo de matrícula</b><br>1/10/2025-20/10/2025<br><br><b>Calendario das conversas</b><br>20/10/2025-19/12/2025 | 25€<br>30€<br>50€                                                     |
| Conversas en inglés Grupo A       | Intermedio       |                         | Presencial<br>Luns e mérc: 15:20-16:00 |                            | -                                          |                                                                                                                   |                                                                       |
| Conversas en inglés Grupo B       | Avanzado (C1/C2) | 10                      | En liña<br>Mar e xoves: 10:00-10:40    | 4<br>Cada horario e sesión | -                                          |                                                                                                                   |                                                                       |
| Conversas en inglés Grupo B       | Intermedio       |                         | En liña<br>Mar e xoves: 11:00-11:40    |                            | -                                          |                                                                                                                   |                                                                       |

### Información importante:

Contactar con [clm.conversas.ingles@usc.gal](mailto:clm.conversas.ingles@usc.gal) para realizar o test de nivel de acceso.

### 3 Conversas do 1º semestre CHECO

| Lingua<br>/ nome da<br>conversa /<br>grupo | Niveis     | Horas<br>totais<br>cada<br>grupo | Modalidade                        | Número<br>de<br>prazas           | Actividades<br>vinculadas<br>(sen test de nivel) | Inscripción no Test de nivel e<br>realización do Test<br><br>1/10/2025-20/10/2025<br><br><b>Prazo de matrícula</b><br>1/10/2025-20/10/2025<br><br><b>Calendario das conversas</b><br>20/10/2025-19/12/202 | Tarifa Estudantes<br>USC/<br>Tarifa comunidade<br>USC /<br>Tarifa Ordinaria |
|--------------------------------------------|------------|----------------------------------|-----------------------------------|----------------------------------|--------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| Conversas en<br>Checo Grupo A              | Intermedio | 10                               | En liña<br>Luns e mérc<br>10h-11h | 4<br>Cada<br>horario<br>e sesión | -                                                |                                                                                                                                                                                                           | 25€<br>30€<br>50€                                                           |
| Conversas en<br>Checo Grupo A              | Avanzado   |                                  | En liña<br>Luns e mérc<br>17h-18h |                                  | -                                                |                                                                                                                                                                                                           |                                                                             |

#### Información importante:

Contactar con [katerina.vlasakova@usc.gal](mailto:katerina.vlasakova@usc.gal) para realizar o test de nivel de acceso.

Os horarios das Conversas en checo poderán readaptarse en función das necesidades das persoas inscritas de cada grupo.

As actividades recollidas neste Anexo poderán sufrir cambios por motivos da organización.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/09/2025 12:39:27.

**CSV:** 900D-6F17-443C-A09F